

V TORNEO DE XADREZ

VAL MIÑOR – SUB 2200



ORGANIZA: Club de Xadrez Laroca

<http://www.xadrezlaroca.gal>

DATAS: 27 e 28 de Xullo de 2019.

SISTEMA: Suízo a 6 roldas.

RITMO DE XOGO: 60' + 30'' por xogada, valedoiro para ELO FIDE.

LOCAL DE XOGO: Auditorio Municipal de Nigrán – Praza da Constitución s/n – Nigrán (Ó carón do Concello).

HORARIOS: Presentación: Sábado 27 de Xullo ás **09:45 h.** O xogador que non estea a esa hora na sala de xogo non será emparellado na primeira rolda.

1ª Rolda: Sábado 27 de Xullo ás 10:00 h.

2ª Rolda: Sábado 27 de Xullo ás 15:00 h.

3ª Rolda: Sábado 27 de Xullo ás 18:00 h.

4ª Rolda: Domingo 28 de Xullo ás 10:00 h.

5ª Rolda: Domingo 28 de Xullo ás 15:00 h.

6ª Rolda: Domingo 28 de Xullo ás 18:00 h.

Entrega de premios: 21:00 h.

PREMIOS: Trofeo para o/a Primeiro/a clasificado/a.

Trofeo para o/a Segundo/a clasificado/a.

Trofeo para o/a Terceiro/a clasificado/a.

Trofeo ó/á mellor xogador/a Sub-1800 Elo Fide / Sen Elo Fide.

Trofeo ó/á mellor xogador/a Sub-1600 Elo Fide / Sen Elo Fide.

Trofeo ó/á mellor xogador/a Sub-16 (Optan os nacidos nos anos 2003 e 2004).

Trofeo ó/á mellor xogador/a Sub-14 (Optan os nacidos nos anos 2005 e 2006).

Trofeo ó/á mellor xogador/a Sub-12 (Optan os nacidos nos anos 2007 e 2008).

Trofeo ó/á mellor xogador/a Sub-10 (Optan os nacidos nos anos 2009 e posteriores).

Non son acumulables, repartiranse pola orde na que están reflexados nestas bases e o/a xogador/a deberá estar presente na entrega.

INSCRICIÓN: Cota de inscrición xeral: **6 €**. Inclúen os custos das taxas FIDE.

Cota de inscrición especial ós xogadores Sub-16 do Club de Xadrez Laroca: **3 €**.

Límite de inscrición ata o Venres 26 de Xullo ás 14:00 h. ou ata chegar ós **101 xogadores**, admitidos por rigurosa orde de inscrición.

Inscricións na web <http://www.xadrezlaroca.gal> ou no **Tif. 696.672.456**.

DESEMPATES: 1º Encontro directo 2º Bucholz(-1) 3º Sonneborg-Berger 4º Máis emparellado 5º Bucholz 6º Progresivo 7º Sorteio.

BASES

- O torneo está reservado para xogadores cun ELO menor de 2200, e deberán estar federados na temporada 2019. Os xogadores con bandeira distinta á española sen Código FIDE serán admitidos só cando obteñan dito código na súa Federación.
- O torneo realizarase mediante o programa informático VEGA. Os seus emparellamentos non poderán ser discutidos salvo erro na introducción dos resultados.
- O tempo de espera será de **30'**, transcorrido ese tempo, se un xogador non se presenta ante o taboleiro, perderá a partida.
- Haberá **1 BYE de ½ punto** a disposición dos xogadores, que poderá utilizarse só nas catro primeiras roldas. Concederase só por causa xustificada e sempre que se teña aboada a inscrición. A organización poderá conceder outros BYES de 0 puntos.
- Para o non contemplado nestas bases, atenderanse as Leis do Xadrez da FIDE do 1º de Xaneiro de 2018.
- A participación neste torneo supón a aceptación destas bases, sen esquecer que a finalidade do mesmo é proporcionar un ambiente de cordialidade entre xente cunha afición común.

ACEPTACIÓN: OS PARTICIPANTES NO TORNEO AUTORIZAN Á PUBLICACIÓN DOS SEUS DATOS PERSOAIS E IMAXES RELACIONADAS CO TORNEO, NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN QUE A ORGANIZACIÓN CONSIDERE OPORTUNOS, COA ÚNICA FINALIDADE DE DAR A ADECUADA DIFUSIÓN DO TORNEO.